

## As obras iniciaranse nun mes

Segundo indicou o concelleiro Miguel Vázquez Plaza, o proxecto municipal está sendo tramitado nestes momentos polos técnicos do Servizo de Contratación do Concello de Pontevedra, polo que a adxudicación das intervencións será inminente. O responsable da Concellería de Servizos Terri-



torializados espera que as obras empecen a executarse no prazo aproximado dun mes. Tal e como constatou o edil nacionalista, as actuacións "non durarán demasiado tempo" e, en base ós cálculos que se barallan, "poderían estar rematadas no prazo de dous meses, ou como máximo, de tres".